
○ QUE É A MARCA DA RESERVA DE BIOSFERA?

A marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é un distintivo que recoñece aos produtos agroalimentarios e servizos do territorio que ofrecen uns valores acordes co espazo no que se desenvolven.



Créase coa finalidade de diferenciar, engadir valor, promocionar e difundir os recursos locais, produtos e servizos que potencien as actividades económicas tradicionais e a economía social no marco da sustentabilidade do territorio amparado.

◉ QUE VALORES PROMOVE?

O emprego da marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo agroma co obxecto da promoción e defensa da calidade, garantía e orixe dos produtos da área da Reserva, obtidos a partir dun saber facer responsable e respectuoso co medio ambiente.

A Reserva de Biosfera, como figura de recoñecido prestixio avalada pola UNESCO, deberá servir como vínculo do conxunto dos valores dos produtos amparados e, ao mesmo tempo, como reclamo cara o consumidor.



NON NOS PODEMOS
LIMITAR A UNHA
IMAXE COMÚN

A MARCA DA RESERVA
DEBE CONTER MOITO
MÁIS...

QUE OFRECE?

Imaxe corporativa e etiquetado

- A adopción da marca por parte dun conxunto de produtos/servizos proporcionará:
 - Valores de: volume, homoxeneidade e estabilidade de subministro.
 - Maior facilidade de obtención de recursos para servizos ou tarefas.
- Os usuarios da marca contarán co apoio da imaxe corporativa da mesma, que axudará á súa identificación e asociación coa Reserva de Biosfera.



DISTINTIVO DE CALIDADE RESERVA DE BIOSFERA "MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO"



As Reservas de Biosfera son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compatibilizar conservación ambiental e desenvolvemento sostible.

A marca da Reserva é un distintivo que reconece aos produtos agroalimentarios e servizos que ofrecen uns valores acordes co espazo no que se desenvolven.

MARIÑAS CORUÑESAS e TERRAS DO MANDEO

Produto da
Biosfera



EMPRESA ADHERIDA

↑ Placa acreditativa para empresas adheridas. ↓ Bolsas reutilizables



Espazo web e redes sociais

A marca dispón dun espazo web específico con, entre outros, os seguintes contidos:

- Información xeral e noticias sobre a Reserva de Biosfera.
- Regulamento da marca.
- Produtos amparados; información detallada sobre:
 - Empresas.
 - Contactos (enderezos, teléfonos, enlaces a sitios web,...).
 - Desplegable con empresas acollidas.

<http://marinasbetanzos.gal/plan-alimentario/marca-de-calidade-2/>

<http://marinasbetanzos.gal/marca-da-biosfera/>



Os produtos amparados así como o conxunto de actividades, eventos ou noticias relacionadas son obxecto de difusión a través das principais redes sociais.

Organización e participación en eventos

Dende a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas organízase e participábase en distintos eventos destinados á promoción dos produtos agroalimentarios do territorio. Ademais das actividades propias de exposición e venda de produtos, os participantes adoitan dispor do apoio e reclamo complementario de actuacións como talleres, charlas, catas, degustacións, etc.



Apoio ao fomento da biodiversidade

Co obxectivo do fomento da biodiversidade, as explotacións adheridas teñen á súa disposición o uso de refuxios de fauna útil, coa funcionalidade adicional de exercer como ferramentas de control biolóxico de pragas.

